

## ACTA (MINUTA-BORRADOR)

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2018/6	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	30 de agosto de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 21:05 ata as 22:08 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	FÁTIMA ABAL ROMA
<b>Secretario</b>	EVA MARÍA CASAL SANJURJO

### ASISTENTES

**PSOE:** D<sup>a</sup>. Fátima Abal Roma; D. Miguel Pérez Osorio; D<sup>a</sup>. Milagros Martínez Piñeiro.

**BNG:** D. Víctor Manuel Caamaño Rivas; D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Teresa Prado Cores.

**SOMOS CAMBADOS:** D. Xurxo Charlín Trigo; D. Constantino Cordal Rodríguez.

**CAMBADOS PODE:** D. José Ramón Abal Varela.

**PP:** D. Luís Aragunde Aragunde; D. Luís Alberto Serantes González; D<sup>a</sup>. Isabel Varela Piñeiro, D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo; D. Juan Ramiro Gómez Blanco.

Escusa a súa ausencia, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Josefa Cacabelos Domínguez (BNG), D<sup>a</sup>. Ana Isabel Oubiña Santos (PP) e D. Eulogio Pomares Botana (PP).

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as 21,05 horas do día **30 de agosto de 2018**, reúnen-se os concelleiros mencionados anteriormente, co obxecto de celebrar sesión pública ordinaria do Pleno Municipal, en primeira convocatoria, para tratar os asuntos incluídos na orde do día, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa e asistidos pola Sra. Secretaria, que da fe do acto.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### **Expediente 3695/2018.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE MONICA BREA TRONCOSO AO CARGO DE CONCELEIRA, DECLARACIÓN DE VACANTE E SOLICITUDE DE NOMEAMENTO DO SUBSTITUTO POLA XUNTA ELECTORAL CENTRAL (EXPTE XESTIONA Nº: 3695/2018)**

A **Alcaldesa** da conta do escrito de renuncia ao cargo de concelleira presentado por dona **Mónica Brea Troncoso** con Rexistro de Entrada núm. 2018-E-RC-5298 do 22/08/2018, que consta no expediente administrativo.

Asemade, da conta do escrito presentado por dona Ana María Cores Fontela con data 24 de agosto de 2.018 con Rexistro de entrada núm. 2018-E-RC- 5357, no que manifesta que, debido a motivos persoais, renuncia a optar á acta de concelleira de Cambados e substituir a Dna Mónica Brea Troncoso.

**Polo tanto, o Pleno Corporativo, á vista do escrito de renuncia ao cargo de concelleira presentado por dona Mónica Brea Troncoso con Rexistro de Entrada núm. 2018-E-RC-5298 do 22/08/2018, toma coñecemento da súa renuncia que se fai efectiva neste momento; para que se traslade certificado á Xunta Electoral Central aos efectos previstos no artigo 185.2 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica do Réxime Electoral Xeral.**

### **Expediente 3634/2018.- MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS - PARA ESIXIR AO GOBERNO DE ESPAÑA E Á XUNTA DE GALICIA O ARRANXO DA CASA DO MAR DE CAMBADOS**

D. Constantino Cordal Rodríguez, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta moción, en base á seguinte **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**:  
*“O Concello de Cambados leva dous anos reclamando as obras de acondicionamento e mellora da Casa do Mar, tanto no relativo ao todo o inmovible como no que respecta ao local baixo que utilizan os xubilados e pensionistas. Por elo, presentou xa no 2016 unha moción pedindo que se fixeran as reformas necesarias. As administracións competentes, ISM (TXSS) e Xunta de Galicia, son coñecedoras do lamentable estado en que se atopa o edificio pero seguen sen facer nada para arranxalo.*

*No pasado mes de xuño, o grupo parlamentario de En Marea, por medio da súa deputada Alexandra Fernández Gómez, presentou no Congreso dos Deputados unha pregunta parlamentaria e unha proposición non de lei instando ao Goberno de España (concretamente, ao Instituto Social da Mariña (ISM), dependente do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social) a:*

*1º.- Aprobar e executar neste ano 2018 actuacións de mellora, reforma e rehabilitación da Casa do Mar situada en Cambados.*

*2º.- Adaptar o local baixo desta Casa do Mar ás necesidades do colectivo de persoas xubiladas e pensionistas a fin de que poidan contar cunhas instalacións habilitadas adecuadamente.*

*3º.- Proceder á cesión da titularidade de ditas dependencias (o local baixo) ao Concello de Cambados co obxectivo de destinalas á realización de actividades socioculturais dedicadas ás persoas xubiladas e pensionistas da Casa do Mar.*

A pregunta e a proposición non de lei foron realizadas no Congreso dos Deputados por Alexandra Fernández e están publicadas no Boletín Oficial das Cortes Xerais coas datas do 6 e 15 de xuño de 2018, respectivamente. Na exposición de motivos das mesmas faise alusión ás filtracións de auga, ao pésimo illamento, ás humidades das paredes, aos desprendementos do teito e á iluminación deficiente polo deterioro do cableado. Tamén se menciona o mal estado dos baños, que non están adaptados para as persoas con mobilidade reducida, ademais do mobiliario moi antigo, case ruinoso.

A Casa do Mar de Cambados foi inaugurada en 1978 e nos seus corenta anos de existencia nunca foi obxecto dunha actuación integral de reforma ou mellora. É evidente que o paso dos anos provoca un desgaste e un deterioro que deben ser paliados con inversións e mantemento (sobre cando se trata dun inmovible cun tipo de construción caduca e obsoleta).

Algo que o ISM nin fixo nin está a facer, a pesar de que o ano pasado se lle prometeu por parte deste organismo ao Concello de Cambados que as reformas necesarias estarían rematadas antes deste verán (cambio de toda a cuberta do edificio, da carpintería exterior e das canalizacións da auga, entre outras). Tampouco, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia fixo ningunha actuación para reparar o lamentable estado das instalacións do local baixo da Casa do Mar cuxa competencia e titularidade lle corresponde.

A resposta do Goberno de España á pregunta realizada pola deputada de En Marea, Alexandra Fernández, foi emitida o pasado 13 de xullo, comunicando o seguinte:

1. O impulso das actuacións necesarias para a contratación e execución das obras precisas de conservación xeral do inmovible (cuberta, fachada, fontanería e saneamento) correspóndelle ao ISM, que as acometerá cando a dispoñibilidade orzamentaria o permita e que deberán ser co-financiadas por todos os usuarios en proporción ás superficies que efectivamente ocupan, de acordo co artigo 12.4 do Real Decreto 1221/1992 de 9 de outubro, sobre o patrimonio da Seguridade Social.
2. Correspóndelle á Xunta de Galicia realizar ao seu cargo as reparacións necesarias en orde ao mantemento e conservación das superficies que ocupa na Casa do Mar de Cambados, como consecuencia dos traspasos das funcións e servizos da Seguridade Social en materia de asistencia e servizos sociais encomendados ao Instituto Social da Mariña -ISM- (210,32 m2 no andar baixo) e das funcións e servizos en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendados a dita entidade xestora (88,75 m2 no andar baixo).
3. A Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS), titular do inmovible, non pode adoptar actos de disposición de espazos que están transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia na Casa do Mar de Cambados mentres sigan xestionados pola referida Comunidade (local no andar baixo para servizos sociais), polo que non sería viable a cesión de ditas dependencias ao Concello. Só no suposto de que a TXSS recuperara o uso do local traspasado por acordo de retrocesión do mesmo da Xunta de Galicia, se non o destinara ao fin para o que foi traspasado, podería estudar a opción que resultara máis beneficiosa para os intereses tanto propios como municipais e, en todo caso, de acordo coa normativa reguladora do patrimonio da Seguridade Social.

Polo exposto anteriormente, presentamos a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** O Concello de Cambados insta ao Goberno de España a acometer de maneira inmediata as obras necesarias que lle competen para arranxar a Casa do Mar de Cambados.

**SEGUNDO.-** O Concello de Cambados insta á Xunta de Galicia a acometer de maneira inmediata as obras necesarias que lle competen para arranxar o local baixo que utilizan os xubilados e pensionistas da Casa do Mar de Cambados.

**TERCEIRO.-** Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.”

Aberto o debate sobre o asunto, prodúcense as seguintes intervencións:

**Intervén o Sr. Cordal Rodríguez**, aducindo que levan dous anos facendo escritos reclamando a rehabilitación do local, houbo visitas no propio local de xubilados e pensionistas de responsables

do ISM, como un arquitecto do ISM estivo valorando, houbo reunión onde estivo presente a directora da Casa do Mar; engade que o ano pasado tiveron unha reunión na que se lles dixo que solicitarían as obras a principios de ano, no mes de xaneiro, para ter rematadas as obras cara o verán, e que podían convocar unha roda de prensa, e como non cumpriron, seguiron poñéndose en contacto co ISM, Representantes da Consellería e o que atopan ata agora é un cúmulo de incumprimentos por parte de todos, e por elo piden, con esta moción, o apoio de todos os grupos.

**Intervén o Sr. Abal Varela**, voceiro do grupo municipal Cambados Pode, para lamentar o estado no que se atopa a Casa do Mar de Cambados e declarar o seu apoio á moción.

**Intervén o Sr. Caamaño Rivas**, voceiro do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego, para explicar que non entenden porqué non se arranza estando nun estado tan deplorable, e que, por suposto, van a apoiar a moción.

**Intervén a Sra. Alcaldesa**, como voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, para explicar que coincide cos seus compañeiros de goberno e que é moi necesario apoiar esta moción.

**Intervén o Sr. Aragunde Aragunde**, voceiro do grupo municipal Partido Popular, e explica que van a apoiar esta iniciativa porque é unha necesidade no Concello e estalle a afectar ás persoas maiores desta asociación que desenvolven neste local a súa actividade lúdica; considera que é unha instalación que debería estar arranxada fai moitos anos, e que as administracións supramunicipais non se están a implicar como deberían; polo tanto, explica que dende o seu grupo municipal van a apoiar a moción, para ver si facendo forza entre todos, as administracións se implican, e espera que esta vez, o grupo de goberno envía ás administracións correspondentes o acordo plenario.

**Intervén o Sr. Cordal Rodríguez**, para dar resposta ao Sr. Aragunde Aragunde, e explica que alí ten a resposta do Goberno de España, e polo tanto, si que está presentado, e na Xunta de Galicia son moi coñecedores da situación, tanto pola súa parte como polo Presidente da Asociación de Xubilados

Non habendo máis intervencións, sométese a **votación** a moción presentada polo grupo municipal Somos Cambados para **esixir ao Goberno de España e á Xunta de Galicia que arranxen a Casa do Mar de Cambados**.

Sometido o asunto a votación, O Pleno da Corporación **aproba**, por **unanimidade**, a moción para **Esixir ao Goberno de España e á Xunta de Galicia que arranxen a Casa do Mar de Cambados**.

## **Expediente 3672/2018.- MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS - EN DEFENSA DUNHA SANIDADE PÚBLICA DE CALIDADE**

D. Constantino Cordal Rodríguez, concelleiro na Corporación Municipal de Cambados, ao abeiro do disposto nos arts. 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno desta Corporación Municipal para o seu debate e aprobación o seguinte Acordo en base a esta **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**:

*“Despois do lamentable suceso acontecido no Punto de Atención Continuada (PAC) de A Estrada, no cal un paciente faleceu sen poder recibir atención inmediata por non haber profesionais que cubrisen a ausencia do facultativo que naquel momento estaba atendendo a outra urxencia fóra do centro, queremos amosar a nosa repulsa e preocupación polo desmantelamento sistemático da sanidade pública galega e os perigos que supoñen para a cidadanía. Este suceso, así como situacións de todo tipo que estamos vivindo ao longo do país na atención primaria, é consecuencia da política de recortes en recursos sanitarios promovida polo Servizo Galego de Saúde (SERGAS), a instancias da Consellería de Sanidade, que está a construír un sistema que favorece unha progresiva privatización.*”

Os recortes afectan a toda a Atención Primaria e, de maneira especial, aos PAC, onde a situación e aínda máis preocupante polas súas características. Nuns centros e noutros, ao igual que nos hospitais onde se pechan andares enteiros, coma no Hospital do Salnés, o que esta acontecendo é que, ademais da habitual saturación dos diferentes servizos derivada da falta de persoal e medios, non se están cubrindo as baixas e vacacións dos/as facultativos/as, provocando, ademais da redución de servizos, que os centros fiquen desatendidos cando un médico que está de servizo ten que saír a atender unha urxencia fóra do centro, circunstancia habitual e reiteradamente denunciada.

No verán, a contratación de persoal é insuficiente, o horario de atención e algúns servizos en moitos centros de saúde, como o de Cambados, vense reducidos mentres que a poboación da comarca do Salnés incrementábase de forma considerable, debido á importante afluencia turística. A concordancia destas circunstancias produce a masificación de consultas (chegando a ser de máis de 50 pacientes por facultativos e día), aparicións de listas de agarda nos centros de saúde e que as familias teñan que facer desprazamentos longos para que os seus fillos e fillas ser atendidos por pediatras.

A falta de persoal, que o SERGAS esgrime como escusa, é consecuencia da mala planificación e da precarización contractual, que propicia que moitos profesionais galegos rexeiten traballar na Atención Primaria de Galicia e emigren cara outros lugares con mellores condicións laborais.

A falta de PAC con pediatras en Galicia, precedida de desacertadas decisións como a que fixo desaparecer o PAC pediátrico de Cambados, supón que os nosos nenos e nenas non estean adecuadamente atendidos, pois, tal como recolle o informe anual do 2017 da Valedora do Pobo, “a valoración e a atención por un médico de familia a un menor non pode ser algo ordinario”.

O ano pasado a Asociación Plataforma Veciñal Sanxenxo, xunto coa Federación de Anpas O ´Con, entregaron máis de 4000 sinaturas tanto á EOXI Pontevedra-O Salnés como ao SERGAS, cara a consecución dun pediatra a maiores para o Centro de Saúde de Baltar e unha ambulancia medicalizada durante todo o ano para a comarca do Salnés. A resposta do SERGAS foi que ese centro sería reformado minguando os espazos e aumentando as salas sen ver incrementado o persoal nin a calidade das prestacións sanitarias.

A concelleira de Gañemos Vilanova denunciaba este mesmo ano que varios usuarios foron dados de baixa no SERGAS en concellos como Vilanova, Vilagarcía ou Sanxenxo, cos correspondentes problemas para o usuario, xa que o prexudicado ten que ir ás oficinas da Seguridade Social a darse de alta de novo, e aínda que a asistencia de urxencia sempre está garantida, quen non figure como usuario terá que asumir o custe da atención.

En xullo o Concelleiro de Ribadumia denunciaba que, desde mediados dese mes, o seu centro de saúde conta cunha soa facultativa pola falta de persoal substituto que cubra as ausencias de médicos que gozan das súas vacacións. A principios de agosto fixeron entrega de máis de 300 sinaturas, mentres o xerente da EOXI Pontevedra-O Salnés marchaba de vacacións sen recibir ao goberno municipal nin atender os seus rogos para que se corruxira a situación no seu centro de saúde.

En Cambados, neste mesmo mes, un paciente denunciaba que, despois de que no PAC o derivaran a urxencias do Hospital do Salnés, tivo que esperar case tres horas por unha ambulancia para poder achegarse ao hospital e, despois de que lle deran a alta, agardou outras catro horas para ser devolto ao seu domicilio. Na ambulancia ía só o condutor e non tiña cadeira pregábel, polo que houbo que subir ao paciente a pulso.

Dada a gravidade de todo o exposto anteriormente, faise preciso esixir responsabilidades e propoñer acordos que defendan unha adecuada xestión da sanidade pública, polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal que aprobe o seguinte **ACORDO**:

1. O Concello de Cambados pide a dimisión ou o cese do Conselleiro de Sanidade, do Xerente do SERGAS e dos responsables da EOXI Pontevedra-O Salnés.
2. O Concello de Cambados pídelle á Xunta de Galicia que abandone as políticas de recortes e desmantelamento da sanidade pública galega e comece unha nova política sanitaria que mellore a calidade da atención á cidadanía.



3. *O Concello de Cambados pídelle á Xunta de Galicia que elimine a taxa de reposición do persoal sanitario e a súa fórmula de cómputo.*
4. *O Concello de Cambados pídelle á Xunta de Galicia un Plan de Estabilidade que permita converter en interinas todas as prazas estruturais cubertas con contratos eventuais.*
5. *O Concello de Cambados pídelle á Xunta de Galicia reforzar os dispositivos de atención ás urxencias nos PAC.*
6. *O Concello de Cambados pídelle á Xunta de Galicia un Plan Urxente de Reposición de Recursos Orzamentarios e de Persoal.*
7. *O Concello de Cambados solicitaralle ao 061 un informe técnico detallado do cambio de criterio de uso de isócronas das ambulancias medicalizadas e a mellora das condicións laborais dos profesionais.”*

O Sr. **Cordal Rodríguez**, voceiro do grupo municipal Somos Cambados, engade como exemplo unha situación alarmante sucedida no Concello de Cambados, un sábado, pola noite, estando Cambados cheo de xente á par de turistas, tanto o persoal médico como o enfermeiro que estaba no centro de saúde tiveron que desprazarse á Illa de Arousa a atender a unha persoa, por unha indisposición grave, e durante case hora e media, o centro de saúde de Cambados quedou sen médicos e sen enfermeiros, correndo o risco de que puidera acontecer un situación de risco, ao igual que aconteceu no Concello de A Estrada; engadir tamén, que no sábado da Festa do Albariño, tampouco tivemos reforzos médicos e as dúas ambulancias medicalizadas que houbo, tivo que pagalas o Concello de Cambados, dado que o SERGAS non o puxo a disposición, a pesar de que tiña a solicitude por escrito.

Aberto o debate sobre o asunto, prodúcense as seguintes intervencións:

**Intervén o Sr. Abal Varela**, voceiro do grupo municipal Cambados Pode, e aduce que dende o seu partido están de acordo coa exposición de motivos, argumentando que a sanidade pública está a carecer de recursos técnicos e de persoal; explica que un dos seus compromisos cando chegaron ao goberno municipal foi a de defender unha sanidade pública, universal e de calidade, e explica que para elo é necesario facer unha boa xestión dos poucos recursos que teñen; en canto a pedir a dimisión do Conselleiro de Sanidade, explica que a EOXI non está a funcionar ben, pero hai outras zonas de Galicia que non teñen os problemas tan graves que teñen nesta zona, engadindo que prefire instar ao Xerente do SERGAS a que tome medidas para solucionar este problema; remata dicindo que a situación da sanidade pública non está ben, pero a ver si apoiando esta moción entre todos se pode conseguir algo.

**Intervén o Sr. Caamaño Rivas**, voceiro do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego, indicando que o tema da sanidade galega está sendo recorrente en todos os Plenos; explica que as listas de espera son insostibles e son a causa de que cada vez teñan que recorrer máis persoas á sanidade privada, e conclúe que está a derivar na privatización da sanidade pública, pondo por exemplo que acudan preto de 200.000 persoas á Festa do Albariño, e a Xunta de Galicia non estea disposta a dotar o Concello de ambulancias medicalizadas e de persoal sanitario neses días, véndose obrigado o Concello de Cambados a pagar polo servizo; argumenta que, dende o seu partido municipal non coinciden en absoluto con este modelo de sanidade, alegando a súa indiferenza á dimisión do Conselleiro de Sanidade ou calquera outro cargo, pois declara que o modelo de Sanidade actual é o deixado polo goberno do Partido Popular, e o que está a ocorrer, explica que non é casualidade, senón causal da política levada a cabo; remata a súa intervención emitindo o seu apoio ó acordo da moción.

**Intervén a Sra. Alcaldesa** como voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, declarando o seu apoio ao acordo da moción e lamentando o sucedido no Concello da Estrada; por outro lado, fai recordar aos presentes no Pleno, que leva tres anos e medio solicitando unha reunión co Conselleiro de Sanidade, obtendo sempre unha negativa por resposta, por elo explica que non se sinte representada por este Conselleiro e apoia pedir a súa dimisión; remata aclarando o seu total

apoio á moción.

**Intervén o Sr. Aragunde Aragunde**, voceiro do grupo municipal Partido Popular, e comeza aducindo que o seu grupo político apoiarían a moción si houbera algúns cambios nela, coma por exemplo o punto número un, pois considera que o actual Conselleiro de Sanidade é un dos mellores que houbo en Galiza; lamenta os comentarios do BNG e cita a situación vivida, cando gobernaba o bipartito, o PSOE e o BNG non se acordaron do Salnés nin do Centro de Saúde de Cambados; engade que aínda non se teñen os orzamentos que tivo o bipartito na Xunta de Galicia, e a pesar diso, considera que neste momento a Xunta de Galicia está a facer a maior inversión na sanidade galega da historia, cita a creación de novos hospitais e a ampliación do Hospital do Salnés; recoñece que a sanidade é mellorable, pero hai problemas que se teñen expostos no Pleno, que non teñen fácil solución a curto prazo, aclarando que non hai pediatras en Galiza nin en España; en canto ao terceiro andar do Hospital do Salnés, emite que no mes de xullo estivo ao 79% de ocupación, que non está pechada, pero non se utiliza si hai camas suficientes no primeiro e segundo andar; tamén falou co xerente de EOXI, e en canto ás baixas do mes de agosto, comunicoulle que non atopaban médicos que quixesen atender no mes de agosto polas tardes, e que o problema non é de cartos pois teñen partida económica para pagarlles as horas extras; á par de que D. Alberto Núñez Feijoo anunciou a maior oferta de emprego público da historia de Galiza, sendo a meirande parte para sanidade, polo tanto explica que si se está a mellorar a sanidade pública; finalmente insiste e que apoiarían a moción, si se retirara a petición de dimisión do Conselleiro de Sanidade.

**Intervén a Sra. Alcaldesa** aclarando que non foi o bipartito o que impuxo o copago e que as mellorías levadas a cabo son a conta dos pensionistas; en canto á ampliación do Hospital do Salnés, opina que a obra feita é moi bonita, pero que fan falta sanitarios e maquinaria, pois de nada serve a ampliación si despois se teñen que derivar os pacientes a outros sitios máis lonxe coma por exemplo o Hospital de Pontevedra.

**Intervén o Sr. Caamaño Rivas**, relator desta moción, para expor que esta moción estase a levar a cabo en moitos concellos de Galiza e que no concello de Vilagarcía xa foi aprobada; tamén aclara que este é o goberno da Xunta que máis inverte en sanidade, pero en sanidade privada, pois esta é a Comunidade Autónoma que máis inverte en sanidade privada, solucionando problemas privados con cartos públicos; explica que a ambulancia privada medicalizada custou 900 euros á hora, asumindo gastos que tiña que asumilos o SERGAS, e engade que no día de hoxe, na Xunta de Goberno, aprobáronse gastos extraordinarios para o Centro de Saúde de Cambados; por outro lado segue explicando que o bipartito gobernou durante tres anos e o Partido Popular leva toda a vida gobernando; tamén que, en canto a retirar da moción a solicitude de dimisión do Conselleiro de Sanidade, explica que, este Conselleiro adicou un absoluto desprezo a este Concello ao non atender, nin sequera, as chamadas telefónicas.

**Intervén o Sr. Caamaño Rivas** e expón que no ano 2009 non se tardaba unha semana para ir ao médico e a xente non pagaba; tamén non hai médicos porque se buscan a vida fóra do país, pois cando rematan a carreira atópanse con contratos de unha semana para substituír no verán, aducindo que unha persoa non fai unha carreira de sete anos e especialízase para despois estar todo o ano esperando a ver si consegue un contrato duns días no verán; considera que a dimisión do Conselleiro de Sanidade é subxectiva, pois o problema é o modelo de sanidade utilizado, que si viñera outro a substituílo, sería a mesma política.

**Intervén o Sr. Aragunde Aragunde**, para aclarar que non dixo que non houbera problemas na sanidade pública e admite que non estivo de acordo coa implantación do copago, sen embargo dende o goberno municipal están a facer unha lectura catastrófica da situación, e non é tal, engadindo que España é o país máis lonxevo, e de aí a factura de 1.200.000.000 de euros emitida pola Xunta de Galicia en gastos farmacéuticos; volve a incidir en que a Xunta de Galicia vai a sacar a maior oferta de emprego público da historia, a meirande parte para sanidade, polo tanto si que se están a tomar medidas; aclara que en urxencias, no Hospital do Salnés, aténdense unha media de 119 pacientes ao día, que se van a sacar máis prazas pero, insiste que en agosto, os médicos non queren traballar, e aludindo que fóra do país páganlles 6.000 ou 7.000 euros ao mes,

cantidades que aquí non se poden pagar; por outro lado, di que non é certo que se estea a inverter en Hospitais privados, pondo por exemplo que fai un ano se inauguraron dous hospitais, un en Lugo e outro en Vigo, e no Hospital de Montecelo conta con cento corenta millóns de euros nos orzamentos da Xunta de Galiza para ampliar e remodelar o centro; remata que dende o seu grupo municipal non poden apoiar a moción.

**Intervén a Sra. Alcaldesa** para dicir que se están a facer ampliacións en centros que carecen de medios persoais e técnicos, polo que aduce que de nada serven esas ampliacións, si un veciño do Salnés se ten que desprazar ao Hospital de Montecelo para facer unha proba e esperar seis meses, ao igual que veciños de Cambados, ao non ter persoal no centro de saúde, se teñen que desprazar ao Hospital do Salnés.

**Intervén o Sr. Aragunde Aragunde** e argumenta que os pacientes poden ir ao Hospital do Salnés e a Hospital de Montecelo.

Segue a Sra. Alcaldesa e engade que só ven un oncólogo dúas veces á semana ao hospital e que este, estase a converter no ambulatorio do Salnés ao non haber medios persoais nos centros de saúde.

Volve a **intervir o Sr. Aragunde Aragunde** manifestando que si non hai máis hospitais, non se pode atender á xente e insiste en que se acaba de publicar a maior oferta de emprego público da historia de Galiza, sendo a maior parte para sanidade.

**Intervén a Sra. Alcaldesa** para dicir que tamén fai cinco anos anunciaron a apertura dun Centro de Día en Cambados e aínda están esperando.

**Contesta o Sr. Aragunde Aragunde** dicindo que é culpa do goberno municipal actual por non ser capaz de abrillo en tres anos, e que con eles xa estaría funcionando.

**A Sra. Alcaldesa** aclara que non poden abrillo sen o permiso da Xunta de Galiza, un permiso que aínda o están a esperar.

A continuación prodúcese un cruce de intervencións entre a Sra. Alcaldesa (PSdeG-PSOE) e o Sr. Aragunde Aragunde (PP).

**Intervén o Sr. Cordal Rodríguez**, para defender a súa moción insistindo que os informes arroxan que Galiza é a Comunidade Autónoma con máis privatización da sanidade de España, pondo por exemplo que un día avaríouse a furgoneta encargada do subministro de xiringas para os análises de sangue, e ao non haber outra, durante un día non se puideron facer análises no Centro de Saúde de Cambados, e a solución que se lle daba á xente era acudir a un centro privado; por outro lado, engade que o Hospital Álvaro Cunqueiro fíxose por unha unión temporal de empresas, non o construíu a Xunta, e esta unión tivo un sobre custe de máis de setecentos millóns de euros do que era o orzamento inicial, e isto supón que todos os galegos teñen que pagar, a través dos impostos, durante vinte e un anos vinte e un millóns de euros, así que, explica, isto é unha forma encuberta de privatizar a sanidade; engade tamén, que a xente que pasa máis de seis meses en lista de espera para operarse, dáselle a opción de ir a un centro privado, pero isto é pagado con diñeiro público.

Novamente prodúcese un cruce de intervencións entre o Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) e o Sr. Aragunde Aragunde (PP).

Rematado o debate, pola Alcaldía procédeuse a someter a **votación** a moción “**En defensa dunha sanidade pública de calidade**”, co seguinte resultado:

**Votos a favor: 8** (Goberno Municipal).

**Votos en contra: 5** (Partido Popular).

**Abstencións: 0**

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, aproba a moción “En defensa dunha sanidade pública de calidade”.**



## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA (DO Nº 431 AO 542/2018)

Pola Presidencia dáse conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía dende o número 2018-0431 ao 2018-0542, ambas inclusive, sendo a Resolución número 2018-0431 de data 16 de xullo e a 2018-0542 do 24 de agosto do ano 2018, das que se lle dou traslado a tódolos membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

Con arranxo ao artigo 48 do Regulamento Orgánico Municipal, a Sra. Alcaldesa comunica aos membros da Corporación Municipal presentes no Pleno, a oportunidade da inclusión, por urxencia, dalgunha cuestión que non estivera incluída na orde do día.

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

### CONTESTACIÓN A ROGOS E PREGUNTAS

**D. Aragunde Aragunde** fai os seguintes rogos:

*“O parque do campo da vila de Oubiña, hai xogos rotos.”*

*“En Corvillón, no paseo marítimo, hai baldosas rotas e soltas que poden ser un perigo.”*

Pregunta emitida por D. Luís Aragunde Aragunde no Pleno acontecido o día 2 de xullo de 2018, que se desprende da seguinte forma:

*“Despois de aprobar o Regulamento da Praza de Abastos, as persoas que mercaron un posto na Praza do Concello de Cambados, a día de hoxe, aínda non se lle regularizou a situación; ¿A que é debido?; ¿Regularizárase esta situación?”*

Responde D. Xurxo Charlín Trigo da seguinte forma:

*“Son, en total, 22 solicitudes de regularización de cambio de titularidade dos postos, os cales estamos a tramitar (expt. 4212/2017); hai un informe do asesor xurídico no que pide que se concrete a documentación que aportaron as persoas que optaron aos postos, e que o día de mañá estarán os requirimento pedíndolles que aporten os documentos que faltan. Teñen un prazo de 15 días para aportar esa documentación e esperamos que no prazo dun mes este solucionado.”*

D. Luís Aragunde Aragunde pide que se lle entregue por escrito.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e seis minutos, estendéndose a presente minuta-borrador da acta que asina a Sra. Presidenta, de todo o que, eu, Secretaria, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**